

ENSINAR E APRENDER CIENCIAS NA AULA INCLUSIVA: MATERIAIS MULTIMEDIA E RECURSOS PARA ATENDER Á DÉFICITS COMUNICATIVOS E LINGÜÍSTICOS

VÁZQUEZ MARTÍNEZ, SUSANA

Colexio Santa María do Mar. A Coruña

GARCÍA-RODEJA GAYOSO, ISABEL

Departamento Didáctica. USC

A afirmación “A Ciencia na escola debe servir a tódolos estudantes” é a base da inclusión educativa, e implica establecer oportunidades que respondan ás diversas necesidades de aprendizaxe de todos os estudantes co fin de mellorar a adquisición de habilidades científicas, coñecementos, actitudes e promover a súa interese pola ciencia (Sears e Sorensen, 2000).

Así, atender a heteroxeneidade da aula implica identificar as dificultades máis importantes dos estudantes como primeiro paso para deseñar situacións e experiencias curriculares que permitan adaptar o labor académico as características particulares de cada estudante.

A partir dos resultado e conclusións de una investigación desenvolvida no Departamento de Didáctica das Ciencias da USC sobre comunicación e aprendizaxe das ciencias con estudantes xordos, nesta comunicación compartimos suxestións didácticas, estratexias comunicativas e materiais didácticos multimedia que podan ser de utilidade para atender, non só ás características da poboación xorda escolarizada, senon tamén aos diferentes niveis de competencia comunicativa e lingüística dos estudantes na aula inclusiva.